MARIA DA CONCEPCION MARTINEZ TABOADA (1 para 2)
SECRATARIA-INERVENTORA
Data de Sinatura: 04/11/2026
HASH: bcf004aab2b1fe318946a1fcd607a8086

RICARDO GONZALEZ GOMEZ (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 04/11/2026
HASH: db2bc9e0b463bca3b8cce6bee9681885

EXP. 1021/2026

Mª DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 03/11/2026 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

"……

6.4. Bases e convocatoria do VII Concurso de decoración de Nadal do Concello de Toén (Exp. 1021/2026)

Dáse conta das bases elaboradas para rexer a convocatoria do VII Concurso de decoración de Nadal do Concello de Toén.

Tras o exame das bases, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do VII Concurso de decoración de Nadal do Concello de Toén, que se unen como anexo ao presente acordo, e dispor a súa publicación na sede electrónica municipal (http://concellodetoen.sedelectronica.es) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.infosubvenciones.es).

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria do VII Concurso de decoración de Nadal do Concello de Toén e remitirlle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente á convocatoria polo importe máximo de 750,00 €, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do vixente orzamento municipal do exercicio 2026.

ANEXO

EXP1021/2026 BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO VI CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE TOÉN

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular o réxime de concesión de premios para o VII Concurso de decoración de Nadal do Concello de Toén.

2.- PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar as seguintes persoas, segundo a categoría do premio ao que optan:

- *Categoría individual: persoas físicas empadroadas no Concello de Toén maiores de idade.*
- *Categoría persoa xurídica sen ánimo de lucro: asociacións, comunidades de montes veciñais en man común... etc que teña o domicilio social no Concello de Toén, e centros de carácter público do Concello de Toén (CEIP, Centro de saúde, Centro de día, Escola infantil... etc).*
- *Categoría escaparate comercial: persoas físicas ou xurídicas titulares dun establecemento comercial no Concello de Toén.*

Non poderán participar os/as concelleiros/as da Corporación, os/as empregados/as municipais nin os/as familiares dos/as anteriores de primeiro grao en liña descendente ou ascendente.

Cada persoa solicitante só poderá presentar 1 decoración de Nadal.

3.- REQUISITOS, TEMÁTICA E CRITERIOS DE VALORACIÓN

Cod. Validación: 9NSTJLDPXG6CS5ND39CHJEDZ4
Corrección: https://concellodetoen.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

A decoración ten que ser visible desde o espazo público. No caso da categoría de persoas xurídicas sen ánimo de lucro, poderase ocupar o espazo público, previa solicitude e autorización do Concello de Toén.
Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo, sempre que a temática xire en torno ao ambiente de Nadal.
Os criterios a valorar son os seguintes: creatividade, orixinalidade, combinación de elementos e cores, iluminación e composición, e motivos empregados para a decoración.
4.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
O prazo para a presentación das solicitudes comeza a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense e remata o día 18/12/2026 ás 14:30 horas.
As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Toén (Rúa Ribadela 1, 32930, Toén) en horario de 8:30 a 14:30 horas, de luns a venres, ou no rexistro electrónico da Sede Electrónica do Concello de Toén http://concellodetoen.sedelectronica.es.
As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se incorpora como Anexo I destas bases e que estará dispoñible na sede electrónica municipal (http://concellodetoen.sedelectronica.es).
4.- SELECCIÓN DAS OBRAS
Un xurado nomeado pola Alcaldía seleccionará as 3 decoracións premiadas, 1 por cada categoría.
Para este fin, o xurado efectuará unha visita ás decoracións o día 23/12/2026 entre as 17:30 e as 20:30 horas.
O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.
A selección do xurado será elevada á Alcaldía, quen resolverá o outorgamento dos premios ás persoas gañadoras do concurso con identificación da denominación, DNI/CIF e importe do premio.
O resultado do concurso farase público o día 29/12/2026.
As persoas premiadas serán notificadas con anterioridade á súa publicación.
O acordo de outorgamento dos premios será obxecto de publicación na sede electrónica municipal (http://concellodetoen.sedelectronica.es) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.infosubvenciones.es), con expresión das persoas beneficiarias e da contía dos premios concedidos.
5.- PREMIOS
O importe dos premios será o seguinte:

- *Premio categoría individual: 200,00 €.*
- *Premio categoría persoa xurídica sen ánimo de lucro: 350,00 €.*
- *Premio categoría escaparate comercial: 200,00 €*

Os premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria ás persoas premiadas, previa presentación do certificado bancario do número de conta da persoa solicitante e dunha declaración responsable, debidamente cuberta e asinada pola persoa solicitante, na que se faga constar que non está incursa en prohibición para ser beneficiaria de subvencións e que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.
6. COMPROMISOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES
As persoas participantes comprometeranse a expoñer a decoración de Nadal que presenten coa solicitude de participación no concurso ata o día 06/01/2027.
Todas as persoas participantes comprometeranse a aceptar a decisión do xurado.
A participación no concurso conleva a cesión a favor da organización, por parte das persoas concursantes, dos dereitos de reprodución e exposición sobre as obras presentadas, sempre e cando se empreguen para a promoción do Concello de Toén e sempre sen ánimo de lucro.
A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. As persoas participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.

ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO VII CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DO CONCELLO DE TOÉN

Nome e apelidos da persoa física solicitante / Denominación da persoa	NIF/CIF:

Cod. Validación: 9NSTJLDPXG6CS5ND39CHJEDZ4
Corrección: https://concellodetoen.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

xurídica solicitante:	
Nome e apelidos da persoa representante (no caso de persoa xurídica):	NIF:
Categoría á que se presenta (marcar o que proceda): o Individual o Persoa xurídica sen ánimo de lucro o Escaparate comercial	
Situación exacta da decoración de Nadal:	
Enderezo:	
Teléfono:	Correo electrónico:

DECLARO BAIXA A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que eu ou a entidade xurídica a que represento cumpro/cumpre cos requisitos para participar neste concurso.
- Que eu ou a entidade xurídica a que represento me atopo/se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social.
- Que eu ou a entidade xurídica a que represento non incorro/incorre en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario/a de subvencións segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que eu ou a entidade xurídica a que represento comprométome/comprométese a cumprir coas obrigas que para as persoas perceptoras de subvencións establece o artigo 14 da dita Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SOLICITO:
Participar no dito concurso.

Toen, _____ de _____ de 2026

Sinatura da persoa solicitante

Asdo.:_____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOÉN

Información básica sobre protección de datos
Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
Responsable: CONCELLO DE TOÉN
Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes de participación no VII Concurso de decoración de Nadal do Concello de Toén.
Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e)* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a).*
Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.
Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidad dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.
Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.gal.

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do alcalde, Ricardo González Gómez, en Toén na data da sinatura electrónica.

Cod. Validación: 9NSTJLDPXG6CS5ND39CHJEDZ4
Corrección: https://concellodetoen.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

(Documento asinado electronicamente)

Cod. Validación: 9NSTJLDPXG6CS5ND39CHJEDZ4
Corrección: https://concellodetoen.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4